

Adaptación da Programación
6ºEP
Libre configuración
Francés

Curso 2019/2020

CEP Sabarís

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Nota: Procédese a eliminar contidos, criterios , estándares que non se poden cumprir neste curso)

Comprensión de textos orais

Contidos:

- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Convencións sociais, normas de cortesía, costumes ,valores, linguaxe non verbal.
- Comprensión de saúdos e presentacións, disculpas e agradecementos.
- Expresión de tempo. Presente.
- Expresións da identidade. Nomes e artigos
- Cores básicas.
- Principais partes do corpo.
- Membros próximos da familia.
- Días da semana e meses do ano.

Criterios

- Saber aplicar estratexias básicas para a comprensión do sentido xeral.
- Identificar o sentido xeral da información, os puntos principais dos textos orais.
- Discriminar patrones sonoros e entonación básica.
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de situacións cotiás.

Estándares

- Identifica aspectos socioculturais básicos dun texto oral.
- Entende a información esencial en conversas breves.
- Comprende en mensaxes breves unha información sinxela.
- Distingue patróns rítmicos e de entonación básica.

Competencias

- Aprender a aprender.
- Comunicación lingüística.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa.

Producción de textos orais

Contidos

- Usar a linguaxe corporal culturalmente pertinente.
- Saúdos,presentacións,desculpas e agradecementos.
- Cancións sinxelas.
- Expresar partes do corpo.
- Días da semana e meses do ano.
- Números cardinais ata o 20.
- Festas importantes francesas (Traballo do 2º trimestre)

Criterios

- Aplicar estratexias básicas para producir textos orais.
- Fórmulas de linguaxe prefabricado, expresións memorizadas apoiadas con xestos.
- Construír textos orais básicos para participar en conversas sinxelas.
- Manexar estruturas sintácticas básicas.

Estándares

- Aplicar estratexias básicas para producir textos orais simples.
- Participa activamente na dramatización de cancións e recitados traballados.

Competencias

- Aprender a aprender.
 - Competencia dixital.
- Comunicación lingüística.

Comprensión de textos escritos

Contidos

- Comprensión de saúdos, presentacións desculpas e agradecementos.
- Comprensión de narracións escritas sinxelas e cercanas a realidade dos alumnos.
- Expresións de cantidades :cardinais.
- Días da semana e meses
- Principais partes do corpo.
- Expresións de tempo en presente.

Criterios

- Aplicar estratexias básicas para a comprensión global do texto.
- Identificar aspectos básicos da vida cotiá.
- Identificar as ideas principais do texto.

Estándares

- Emprega as imaxes para comprender frases sinxelas, en soporte de papel ou dixital sobre temas familiares.
- Comprende o esencial de historias breves.
- Recoñece os significados comúns asociados a estruturas sintácticas básicas.

Competencias

- Aprender a aprender.
- Competencia lingüística.
- Competencia dixital.

3. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

Seguindo ao Decreto 105 podemos definir metodoloxía didáctica como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e alcanzar as competencias, obxectivos e contidos correspondentes. Non existe unha única metodoloxía. Existen diferentes estratexias para abordar as aprendizaxes. A metodoloxía empregada debe estar en constante revisión para comprobar as súas fortalezas e debilidades, coa finalidade de encontrar opcións máis eficaces buscando posibilidades para mellorar a calidade educativa. Nesta etapa porase énfase na atención á diversidade do alumnado, á atención individualizada, á prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estes contratemplos. Bases e principios metodolóxicos: A metodoloxía que se empregará nas actividades partirá do simple ao complexo, buscando soporte no contexto coñecido polo alumnado para poder ir afastándonos cara a ideas máis abstractas. Os contidos buscarán o desenvolvemento das

competencias, coa intención de que o alumnado poida extrapolar os coñecementos e habilidades adquiridas na aula para aplicalas ao seu día a día. Os rapaces deben percibir utilidade no que están aprendendo. O alumnado xogará un papel activo, colaborativo e participativo. O mestre actuará como guía do proceso cun papel regulador e motivador. Tendo en conta estas afirmacións, estableceremos a continuación unha serie de principios pedagóxicos, provenientes da teoría constructivista, que guiarán a nosa actividade docente:

- Partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado, axustándose á competencia curricular que lle corresponde nesa etapa educativa a nivel cognitivo, motriz e afectivo e social. Seguindo a Piaget o período dominante en Educación Primaria é o das Operacións Concretas, iniciándose nas Operacións Formais nos últimos cursos.

- Partir do nivel de coñecemento do alumnado e avanzar dentro da súa Zona de Desenvolvemento Próximo (Vigotsky), é dicir, a distancia entre o que o alumnado xa sabe e o que debe chegar a coñecer.

- Asegurar a construción de aprendizaxes significativos para que o alumno poida relacionar os novos contidos cos coñecementos que xa posúe, tal como sinala Ausubel e César Coll.

- Potenciar a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe, é dicir, aprender a aprender. De esta maneira serán capaces de elaborar as súas propias estratexias de aprendizaxe e alcanzar coñecementos significativos por eles mesmos.

- Promover a actividade-interactividade. Debe primar o manipulativo, o sensorial e a actividade física e psicomotora nun medio coñecido e compartido. Ademais debemos ter en conta tamén os principios que derivan da teoría e práctica docente como:

- Selección de contidos e metodoloxías activas que favorezan a adquisición das competencias básicas.

- Involucrar ás familias na educación responsable dos seus fillos.

- Manter unha boa coordinación docente

- Afectividade: envolvendo ao alumno nun ambiente relaxado, familiar e seguro.

- Individualización: atendendo as circunstancias particulares do alumnado que determinan a diversidade.

- Socialización: a través de actividades de interacción que fomenten o traballo en equipo. Ademais, como indica Bruner, é importante a identificación co grupo social de referencia.

- Motivación: tendo en conta os intereses do alumnado.

- Carácter lúdico das actividades: recorrer ao xogo é unha estratexia moi eficaz e motivadora

- Globalización: a programación debe procurar presentar os contidos establecendo relacións entre eles, axustándose á forma na que opera a mente dos rapaces. Para desenvolver todos os aspectos citados anteriormente recorrerase á utilización de diferentes recursos educativos coa intención de facilitar os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Podemos definir recurso educativo como calquera medio ou ferramenta que, nun contexto educativo determinado, sexa empregado cunha finalidade didáctica ou para facilitar o desenvolvemento das actividades formativas. Os recursos que utilizaremos podemos clasificalos en:

- Espaciais e temporais: inclúen diferentes lugares e tempos nos que levar a cabo a práctica educativa: aula, patio, biblioteca, casa...

- Humanos: implican a actuación de diferentes persoas no proceso de ensinanza-aprendizaxe: equipo docente, profesionais, familia...

- Didácticos: todo aquel recurso con fins especificamente educativos: laminas, contos, murais...

- Materiais: podemos clasificalos en:

- o Convencionais: libros, prensa, textos...

- o Manipulativos: cadernos, cartolinas, lapis de cores...

- o Visuais: imaxes, fichas, diapositivas...

- o Sonoros: audios, CD's, DvD's...

- o Audiovisuais: vídeos, películas, programas de televisión...

- o Xogos: puzzles, quebra cabezas, xogos de mesa...

o Novas tecnoloxías. Unha opción moi útil e motivadora. Poderemos empregar programas informáticos educativos, webquest, páxinas web e blogs entre outros.

3ª Avaliación

Os acontecementos extraordinarios acontecidos neste curso fan que a 3ªavaliación sofra cambios significativos.

Nunha materia como esta de libre configuración e, tendo en conta que os alumnos nunca tiveron aproximación a ela, os contidos reléganse a un breve repaso do dado ata o 12 de marzo.

Os planes de iniciar , unha vez adquirido un vocabulario e estruturas gramaticais básicas,esta 3ªavaliación con actividades encamiñadas a oralidade en grupo quedan totalmente fora de lugar nestes momentos.

As actividades realizaranse mediante propostas subidas a páxina web do centro sempre sen sobrecargar en tarefas unha materia de libre configuración como esta.

Consistirán en recomendacións de pequenos fragmentos de cortos audiovisuais substitulados, co fin de aproximarse a lingua francesa na súa forma sonora.

Así mesmo, proporanse pequenas e sinxelas fichas interactivas autoevaluables e con directa conexión co profesorado.

En todo momento tentarase que as actividades sexan motivadoras e que non supoñan gran esforzo para realizalas.

A conexión entre profesora e alumno será vía web do centro e correo electrónico directo.

Todo o alumnado tivo coñecemento da forma de traballo vía mensaxería abalar.

Procedemento para a avaliación inicial.

Para realizar unha avaliación inicial efectiva teremos en conta as seguintes accións:

- Coñecemento da memoria relativa ó grupo do ano anterior.
- Valoración da situación do grupo e de cada alumno individualmente durante a primeira semana do curso a través da observación directa e do traballo diario.

Procedemento de avaliación continua.

Para esta 3ª avaliación terase en conta a avaliación continua tendo máis peso todo o realizado ata o 12 de marzo.

Valorarase positivamente o esforzo realizado por facer as tarefas propostas vía telemática.Sobre todo, aquelas de transmisión directa entre mestra e alumno.

Quedan agora fora as formas que avaliaban o comportamento, o traballo en equipo e, as tarefas de clase pasan agora a ser tarefas de casa.

| PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO CURSO | | |
|--------------------------------------|--|---|
| 6º EP | | ÁREA: FRANCÉS |
| Tipo de contidos | Elementos avaliábeis | Puntuación |
| Actitudinais | Comportamento | A-B-C-D-E |
| | Participación | Mal-Regular-Ben |
| | Traballo en equipo | Mal-Regular-Ben |
| Conceptuais | Controis escritos ou orais | Proporcionan unha nota inicial IN-SU-BE-NT-SB |
| | Chamadas de clase | |
| Procedimentais | Caderno do alumno | Mal-Regular-Ben |
| | Tarefas para casa | Mal-Regular-Ben |
| | Traballo na clase | Mal-Regular-Ben |
| Cálculo da nota | Partimos da nota inicial de Conceptos. <ul style="list-style-type: none"> • Sempre que o comportamento do alumno se cualifique como A ou B poderá subir un nivel a súa nota inicial. • Sempre que o comportamento do alumno se cualifique como C ou D poderá baixar un nivel a súa nota inicial . • Un comportamento E implica unha baixada automática dun nivel respecto á nota inicial. • Nos casos intermedios manterase a nota conceptual. | |

Outros aspectos de interese.

- Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as con NEAE Remítome o plan de intervención elaborado para cada alumno.

- Temas transversais

- o Educación para a igualdade.

- o Educación para a saúde.

- o Educación para o consumidor.

- o Educación ambiental.

- o Educación vial.

- o Educación sexual.

- o Educación para o ocio.

- o Educación moral e cívica.

- Actividades complementarias e extraescolares previstas. Participaremos en todas as programadas polo centro (Magosto, Nadal, Paz, Entroido, Día das Letras Galegas, etc.). Ao longo do curso segundo os intereses dos alumnos programaranse actividades a medida que vaian xurdindo.

- Medidas de atención á diversidade Cada profesor/a deberá ter o plan de apoio de cada un dos seus alumnos/as con NEAE

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a miña actuación con los alumnos

Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar

| Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|--|---|---|---|---|
| Os alumnos traballan da seguinte maneira | De forma individual | | | | |
| | Por parellas | | | | |
| | En pequeno grupo | | | | |
| | En gran grupo | | | | |
| Os exercicios que propoño son do seguinte tipo | Cerrados e rixidos (do libro) | | | | |
| | Abertos, procedimentais, proxectos | | | | |
| | Facilitan o traballo cooperativo | | | | |
| Na metodoloxía que aplico | Utilizo ferramentas TIC | | | | |
| | Facilito o aprendizaxe autónomo | | | | |
| Como paso as horas lectivas? | Baséome nas explicacións teóricas do libro | | | | |
| | Poñendo silencio | | | | |
| | Impartindo teoría e explicacións | | | | |
| | Guiando ós alumnos no seu traballo | | | | |
| | Observando | | | | |
| | Corrixindo | | | | |
| Grao de motivación do alumnado | | | | | |
| Grao de participación das familias | | | | | |

8. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A resposta das seguintes preguntas, cun 1-2-3-4-5, servirá para reflexionar sobre a funcionalidade desta programación:

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| Aspectos da programación a valorar | | | | | |
| Adecuación dos materiais utilizados | | | | | |
| Adecuación da planificación | | | | | |
| Medidas de atención á diversidade | | | | | |
| Uso das TIC | | | | | |
| Inclusión de temas transversais | | | | | |
| Actividades de carácter interdisciplinar | | | | | |

4. Información e publicidade

A programación estará a disposición das familias na páxina web do centro.

A información ás familias será directa vía mensaxería abalar.